

BASES CONCURSO DE FOTOGRAFÍA E VÍDEO “QUE HAI NESTA BOTELLA?” **DA INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA RIBEIRAS DO MORRAZO**

BASE 1ª: OBXECTO

O GDR PONTEVEDRA MORRAZO convoca un concurso de fotografía e vídeo sobre a IXP RIBEIRAS DO MORRAZO a través das redes sociais de Facebook e Instagram desta Indicación Xeográfica Protexida, para elixir as mellores fotografías e vídeos que interpreten o lema da campaña da IXP “Que hai nesta botella?”

A participación no citado concurso presupón:

- A aceptación íntegra de todas as cláusulas contidas nestas bases.
- A autorización, por parte do concursante e do autor/a da fotografía e/ou vídeo (no caso de que fosen dúas persoas diferentes), para publicar a devandita fotografía ou vídeo nas páxinas web da IXP Ribeiras e do Morrazo e do GDR Pontevedra Morrazo, nas súas redes sociais, así como o seu uso en comunicacións impresas. O GDR Pontevedra Morrazo, non se fai responsable da identificación persoal dos participantes e derivará as consecuencias legais da publicación de terceiras persoas sen a súa autorización cara ao concursante que enviou a foto e/ou vídeo.

BASE 2ª: DURACIÓN E ÁMBITO

Entrarán en concurso as fotos e vídeos enviados ao certame dende a publicación das bases ata o día 10 de decembro de 2018 (inclusive). Calquera foto recibida despois desa data quedará fóra de concurso.

O GDR PONTEVEDRA MORRAZO resérvase o dereito para suspender, aprazar ou cancelar o concurso, en calquera momento anterior á súa finalización, así como a modificar calquera punto destas bases sempre que existan causas que así o xustifiquen. Tamén poderá ampliar o prazo se o considera oportuno. Así mesmo, o GDR PONTEVEDRA MORRAZO resérvase o dereito de evitar que se faga un uso ou unha participación fraudulenta deste concurso, exercitando as accións legais que estime oportunas. O dereito de reclamar o premio por parte do gañador en calquera categoría, caducará o día 31 de decembro de 2018, non podendo ser reclamado posteriormente a esa data.

BASE 3ª: MECÁNICA DO CONCURSO

3.1.- Categorías. Establécense dúas categorías: PREMIO Á MELLOR FOTOGRAFÍA e PREMIO AO MELLOR VÍDEO.

3.2.- Forma de participación. O concursante publicará unha fotografía ou vídeo de non máis de 40 segundos orixinal sobre a temática do concurso a través da aplicación de Instagram ou a través de Facebook, etiquetando á IXP Ribeiras do Morrazo e utilizando os hashtags #FOTOquehainestabotella e #VIDEOquehainestabotella segundo categoría.

Non se aceptarán propostas recibidas por e-mail nin de ningún outro modo que non sexa o anteriormente especificado.

3.3.- Requisitos a cumprir polos participantes e polas fotografías e vídeos enviados:

- Os concursantes deben ser maiores de idade. Descualifícase a quen puidese gañar un premio incumprindo esta norma. Para optar aos premios os gañadores deben identificarse, os datos persoais non se usarán para nada máis que certificar que se cumpren os requisitos, e que son completos e veraces.
- As fotografías e vídeos deben ser orixinais e non haber resultado premiados noutros certames.
- Quedarán fóra de concurso todas aquelas fotografías e vídeos que puidesen atentar contra o bo gusto ou que atenten contra liberdades e dereitos humanos, as que tenten facer publicidade (explícita e/ou encuberta), ou non cumplan os requisitos establecidos nas presentes bases.
- O GDR PONTEVEDRA MORRAZO non se fai responsable da identificación persoal dos participantes e derivará as consecuencias legais da publicación de terceiras persoas sen autorización cara ao concursante que enviou a foto ou vídeo.
- Quedarán fóra de concurso aqueles que non cumplan os requisitos establecidos nas presentes bases.

3.4.- Entrega de premios: Os nomes dos gañadores publicaranse en redes sociais logo do fallo do xurado. O GDR PONTEVEDRA MORRAZO notificará ao gañador o modo de recoller o seu premio, mediante mensaxe privada ao perfil da súa rede social. Se o gañador non responde dentro dun prazo de 7 días dende o envío da mensaxe, ou non acode a recoller o seu premio no período indicado (hata o 31 de decembro de 2018), perderá todo dereito a súa reclamación ou compensación.

Unha vez notificados os gañadores, o responsable da entrega do premio e de cumprir coas condicións do mesmo, será a empresa contratada para a pertinente asistencia técnica que oferta o cheque-regalo

correspondente.

BASE 4ª: DESCRIPCIÓN DOS PREMIOS

Os concursantes optan ás seguintes categorías de premios:

Premio á Mellor FOTO

- Cena degustación para dúas persoas no restaurante Eirado das Margaridas-Restaurante Rural. POIO
- Unha noite con almorzo e cata de viños na Casa Rural & Adegas Os Areeiros. VILABOA

Premio ao Mellor VÍDEO

- Cena degustación para dúas persoas no restaurante O Con de Aldán. CANGAS DO MORRAZO
- Unha noite con almorzo en Casa Videira. BUEU

Os premios serán concedidos polo xurado constituído a tal efecto que elixirá a fotografía e vídeo gañadores en relación ao contido, orixinalidade e/ou estética sobre a temática proposta. O fallo será inapelable.

O premio entregarase mediante un cheque-regalo para consumir entre xaneiro e maio de 2019 condicionado a dispoñibilidade e reserva previa.

BASE 5ª: CESIÓN DE DEREITOS

A participación no concurso presupón a cesión gratuíta a favor do GDR PONTEVEDRA MORRAZO (e o seu uso por parte da IXP RIBEIRAS DO MORRAZO) do dereito de reprodución das fotografías e vídeos por parte dos autores; dereitos dos que fará uso GDR PONTEVEDRA MORRAZO conforme á normativa vixente na materia.

BASE 6ª: REPERCUSIÓN FISCAL

Os premios non están suxeitos a retención ou ingreso a conta de conformidade co Real Decreto 1576/2006, do 22 de Decembro, (art. 73.3 f).

Pontevedra a 16 de outubro de 2018